

O INFINITIVO CONXUGADO

1. Forma:

O infinitivo conxugado fórmase sobre a base do infinitivo nominal, tanto nos verbos regulares coma nos irregulares, engadindo as seguintes terminacións: **-Ø, -es, -Ø, -mos, -des, -en**

	SOÑAR	BATER	VIVIR	ESTAR	SER	VIR
(eu)	soñar - Ø	bater - Ø	vivir - Ø	estar - Ø	ser - Ø	vir - Ø
(ti)	soñar - es	bater - es	vivir - es	estar - es	ser - es	vir - es
(el/ela/vostede)	soñar - Ø	bater - Ø	vivir - Ø	estar - Ø	ser - Ø	vir - Ø
(nós)	soñar - mos	bater - mos	vivir - mos	estar - mos	ser - mos	vir - mos
(vós)	soñar - des	bater - des	vivir - des	estar - des	ser - des	vir - des
(eles/elas/vostedes)	soñar - en	bater - en	vivir - en	estar - en	ser - en	vir - en

2. Emprego:

O infinitivo conxugado adoita empregarse nos seguintes casos:

1. Cando o infinitivo ten un suxeito expreso, diferente ao do verbo principal.

*Eu non puiden facer o traballo por **estardes** vós molestando.*

*Entramos na casa sen os **saberen** os donos.*

*Ao **chegaren** os país, os nenos tranquilizáronse.*

2. Cando o suxeito non está expreso, pero é diferente ao do verbo principal e convén marcalo para evitar a ambigüidade.

*O xefe ordenou **establecermos** un horario de traballo regular.*

*Insinuaron **seres** o culpable de todo.*

*O profesor berrou por **estardes** sen facer nada.*

3. Se o infinitivo vai antes ca o verbo principal e introducido por preposición ou locución prepositiva, aínda que o suxeito do infinitivo e mais o do verbo principal coincidan:

*De **facermos** o que nos dixeron, non teremos problemas.*

*Por **falardes** de máis, metésteivos nun compromiso.*

*Con **choraren**, non o van conseguir.*

4. Cando o verbo principal e o infinitivo teñen o mesmo suxeito, pero o infinitivo vai detrás e entre eles hai unha certa distancia:

*Seguide por ese estreito carreiro ata **verdes** as illas.*

*Tiveron un grave problema e iso baixoulles a súa nota: non **saberen** traballar en equipo.*

5. Para indicar a indeterminación do suxeito (en terceira persoa de plural):

*De lle **concederen** vacacións vai ir a Londres.*

*Chegamos no momento de **pecharen** as portas.*

O infinitivo conxugado **non se emprega**:

1. Cando o infinitivo ten carácter impersoal: *Cantar alegre o día.*

2. Cando ten valor de imperativo: *A calar todos!*

3. Nas perífrases verbais: *Tedes que marchar á escola*

4. Cando o infinitivo vai rexido por verbos:

- Modais (*poder, querer, deber...*): *Podedes traer a equipaxe?*
- Causativos (*deixar, permitir, prohibir...*): *Deixareivos chegar máis tarde.*
- De sentido (*ver, oír, escoitar, sentir...*): *Sentiuvos marchar de madrugada.*